

China despois do XVII Congreso do PCCh: A renovación da reforma

Xulio Ríos

Entre o 15 e o 21 de outubro de 2007 celebrouse en Beijing o XVII Congreso do Partido Comunista de China (PCCh). *A priori*, o evento, desenvolvido segundo as previsións estatutarias en todos os sentidos, debía confirmar o xiro promovido na política chinesa por Hu Jintao, o seu secretario xeral, xefe do Estado e presidente da Comisión Militar Central, e sentar as bases da súa propia sucesión, xa que en 2012 debe abandonar o cargo para deixar paso a unha nova xeración de dirixentes que neste lustro debería culminar a súa preparación. Con todo, tamén deixou algunhas sorpresas, en especial a conformación do Comité Permanente do Buró Político e o aberta que quedou a sucesión, así como a reflexión sobre a necesidade de deseñar un programa de profundización política de alcance e consecuencias aínda difíciles de prever.

O informe ao Congreso

No seu informe ao Congreso en nome do Comité Central, Hu Jintao insistiu na suma importancia da etapa que agora se abre no proceso de reforma e que non dubidou en cualificar de “crucial”, un período estratéxico, dixo, onde hai máis oportunidades cá desafíos. Ademais de facer balance do último lustro, destacando os significativos avances logrados na reforma do sistema económico e no incremento do poderío xeral do país, destacou a certeza da harmonía social e o desenvolvemento científico como esixencias básicas para garantir, de aquí en diante, o éxito e a estabilidade.

No epígrafe segundo do Informe, Hu Jintao remarcou o perfil ideolóxico da actual política, destacando que non constitúe un afastamento do marxismo senón un desenvolvemento del que atende ás especificidades do momento histórico e da propia singularidade da sociedade chinesa, reivindicando a vontade do PCCh de enriquecer constantemente o seu modelo de socialismo con peculiaridades chinesas, ao tempo que reforza a súa propia condición de vangarda.

A concepción científica do desenvolvemento (*kexue fazhanguan*), que pasa a ser un ingrediente esencial da definida como etapa primaria do socialismo chinés, explicouna así Hu Jintao: “Ten a súa primeira acepción esencial no desenvolvemento, o seu núcleo na consideración do ser humano como o primordial, a súa esixencia básica na integralidade, a coordinación e a sustentabilidade, e o seu método fundamental é a actuación cunha visión de conxunto, que invita a persistir nos seguintes

puntos: tomar o desenvolvemento como a tarefa primordial do Partido na gobernación e a revigorización do país; considerar o ser humano como o primordial; procurar un desenvolvemento integral, coordinado e sostible; coordinar cunha visión de conxunto”. Ademais de persistir nos clásicos catro principios irrenunciabes que acompañan ás catro modernizacións como límite infranqueable para evitar o derrape do proceso, Hu Jintao considera que o desenvolvemento científico e a harmonía social serán, a partir de agora, a cara e a cruz do desenvolvemento chinés.

As novas esixencias recollidas no apartado IV do Informe, abundan na necesidade de adaptarse aos cambios, prestando atención a aspectos como a innovación científica ou a ampliación da democracia, o medio ambiente ou o sistema de valores do socialismo. O celme da estratexia que o PCCh chinés ansía implementar nos próximos anos, tal como se recolle no apartado V, consiste en “incrementar a capacidade de innovación autónoma”, o que permitirá acelerar o cambio do modelo de desenvolvemento, preservar a soberanía nacional e remover os obstáculos que aínda impiden o equilibrado desenvolvemento da economía. Hu Jintao detalla aquí os principais vectores que inflúen no reaxuste estrutural da reforma económica.

O novo capítulo referido á política democrática socialista (apartado VI do Informe), destaca que “a democracia é un obxectivo do Partido”, aínda que deixando constancia de que a súa orientación política debe ser “correcta” e para iso hai que mellorar o autogoberno das comunidades de base, o respecto á lei ou abordar unha máis clara delimitación de funcións e competencias. O explícito burocratismo desa orientación que en momento algún fai mención da outrora permanente separación de Estado e Partido, complementase con apelacións a un incremento “de xeito ordenado” da participación política dos cidadáns.

Na orde cultural, o informe sinala que o PCCh segue defendendo a posición rectora do marxismo, promovendo o seu impulso a todos os niveis. Ademais, destaca a importancia de assimilar a quintaesencia da cultura chinesa e aproveitar os seus importantes recursos para promover tendencias sociais que reforcen o patriotismo. A gran revitalización da nación chinesa ha de estar acompañada do xurdimento da súa cultura, sinalou Hu Jintao.

Á construción social dedicou o seu apartado VIII, un detallado compendio de todos os desafíos e problemas existentes nesta orde e que constitúen hoxe en día un dos maiores desafíos para a estabilidade política e a propia credibilidade do PCCh.

No ámbito da defensa, capítulo IX, ningunha novidade destacable, máis aló da reafirmación dos vellos tópicos (en especial, a dirección absoluta do Partido sobre o exército) e a perseveración nas diferentes dimensións da modernización, desde a formación á capacidade de innovación. Coa reunificación do país (capítulo X) ocorre outro tanto do mesmo, destacando máis o que non se dixo (referencias a calquera tipo de ameaza contra Taipei) que o devandito (reafirmación do principio de “un país, dous sistemas” como guía para culminar o proceso iniciado con Hong Kong e Macau). Así mesmo, na visión das relacións internacionais (capítulo XI), o PCCh

segue adscrito ao desenvolvemento pacífico como mecanismo esencial de adaptación a un mundo estable, pero “intranquilo”.

O último capítulo, referido á construción do Partido, ademais de salientar a importancia da loita contra a corrupción (non haberá indulxencia, dise no informe), recóllense compromisos concretos como a promesa de perfeccionar os congresos con iniciativas experimentais en curso nalgunhas provincias, no sistema de eleccións e de nomeamento de candidatos, ou a singular chamada de atención á presenza do Partido no medio da poboación flotante, eses cen millóns ou máis de campesiños que abandonan o medio rural en dirección ás cidades, e que ata non hai moito improvisaban solucións ás súas propias necesidades ante a constatación de que o Partido e o Estado simplemente dáballes as costas aos seus problemas.

Os principais anuncios de Hu Jintao

Os principais retos e obxectivos asumidos polo PCCh no XVII Congreso poderían resumirse do seguinte xeito:

- Multiplicar por catro o valor do PIB *per cápita* entre 2000 e 2020, controlando a polución e estimulando políticas de aforro enerxético. Nos últimos catro anos, o crecemento chinés foi superior ao 10%. No primeiro semestre de 2007, foi do 11,5%.

- Avance dos servizos médicos e de saúde pública en xeral, en especial no relativo á seguridade alimentaria, anunciando grandes reformas e unha maior énfase na prevención. En agosto publicouse o primeiro libro branco sobre a seguridade alimentaria.

- Un desenvolvemento máis equilibrado. O crecemento saíu caro en termos ambientais, de desequilibrios e de desigualdades, o que demanda unha maior atención á cuestión social e ao emprego.

- Un iuán (a moeda chinesa) progresivamente convertible, pero sen fixar datas nin prazos, aínda que perfeccionando de modo constante os mecanismos da taxa de cambio. China teme unha convertibilidade plena que a exporía en exceso ás perturbacións dos fluxos financeiros e dos mercados.

- Acordo de paz con Taiwan, sobre a base do respecto do principio da existencia dunha única China. Evocáronse medidas políticas e económicas para favorecer a aproximación, sen mencionar en ningún momento a adopción de medidas de forza.

- Loita contra a corrupción, promovendo, en paralelo, políticas preventivas baseadas en modelos de virtude agrupados en cinco categorías: altruísmo, bravura por unha causa xusta, honestidade e confianza, traballo duro e piedade filial.

- Reforma política no marco do sistema, mantendo o liderado do PCCh, fomentando unha participación social “ordenada”, introducindo maiores medidas de transparencia e alentando unha maior proximidade entre as institucións e os cidadáns.

- Fortalecer a cultura chinesa como expresión do “poder brando” do país e non soamente como forza creativa e de cohesión.

O debate sobre a democracia

A mensaxe política clave deste Congreso consiste en que, nos próximos anos, o PCCh esforzarase por innovar un modelo democrático adaptado ás súas especificidades. Se 1978 foi o inicio do proceso de adaptación chinés ás tendencias internacionais hoxe afirmadas e entón difíciles de prever, principalmente no económico, este Congreso ben podería significar a chegada á axenda chinesa da necesidade de adiantar unha reflexión sobre a súa adaptación aos contornos dun tempo político en que non pode fuxir de certos imperativos democráticos que renoven os segmentos máis fosilizados do sistema. Ao cabo, se o PCCh foi capaz de introducir e manexar o mercado nunha economía planificada e nun sistema que aínda se autodenomina socialista, o reto agora é facer o mesmo coa democracia, acentuando o seu papel participativo, integrador e fiscalizador da xestión pública, reducindo o peso e a significación dos habituais simulacros. E todo iso sen alterar a natureza do réxime.

“A democracia non significa complacer o gusto dos países estranxeiros”, aseguraba Hu Doping, fillo do falecido secretario xeral Hu Yaobang e hoxe vicepresidente da Federación Nacional de Industria e Comercio. Yu Keping, director adxunto do servizo de tradución do Comité Central e considerado a “pluma” de Hu Jintao, considera que agora se trata de facer progresar activa pero prudentemente a reforma do sistema político. Nalgúns municipios das provincias de Sichuan e Hubei, ademais de Chongqing, cidade subordinada directamente ao poder central, levaron a cabo eleccións directas experimentais para secretarios do PCCh, nunha campaña que contemplou múltiples candidatos. Anualmente, os xefes do Partido son avaliados e se perden a confianza dunha terceira parte dos votantes, deben abandonar o cargo. As eleccións directas levanse a cabo xa no 90% dos comités de aldea, aínda que cun procedemento manifestamente mellorable.

A reforma democratizadora que ambiciona Hu debe ter unha “orientación política correcta”, é dicir, debe servir para consolidar o liderado do PCCh e rexeitando, como dixo en Yale en 2006 durante a súa visita a EEUU, calquera copia mimética do modelo occidental. Do que se trata é de mellorar a democracia no interior do Partido e as súas proximidades, con medidas lentas como a competencia entre un número cada vez maior de candidatos, o fomento da participación, a transparencia e o control, tamén a institucionalización, e abrindo espazos para compartir o poder con profesionais independentes e outros partidos legais, pero sen admitir posibilidade algunha de alternancia.

“Por que debemos ser de mente estreita e pensar que non hai alternativa aos sistemas occidentais?”, pregúntase Liu Xirui, profesor da Escola Nacional de Administración. O debate promovido nos últimos tempos á propósito da adopción dun socialismo democrático, alentado polas investigacións que desde o ano 2000 levan a cabo na Escola do Partido sobre o modelo nórdico e a ideoloxía e a organización da socialdemocracia europea con carácter xeral, parece chegar ao momento de adquirir

certa proxección pública. Como tamén outras formulacións en vías de exploración como a “democracia soberana” rusa, baseada nunha combinación de liberdade individual e Estado forte que aos comunistas chineses semella igualmente atractiva. Con eses vimbios, Hu Jintao se apresta a explorar e inventar unha democracia propia utilizando o propio PCCh e os seus 70 millóns de membros como laboratorio, a sabendas de que impoñe unha transformación do capital económico acumulado en modernización política.

A sociedade harmoniosa

O elevadísimo custo social do proceso de reforma esixía hai tempo unha corrección profunda. O descontento pola polarización e a proliferación da corrupción nas contornas do poder a todos os niveis espertaban o temor a que, como aconteceu en épocas históricas anteriores, a actual “dinastía” do PCCh fose varrida pola deslexitimación ante unha cidadanía escéptica que aínda que alberga poucas esperanzas dunha mensaxe socialmente rupturista do PCCh, si conserva a ilusión por acceder a unha mellora do nivel de vida recollendo beneficios de tres décadas de crecemento imparabile.

Datos oficiais indican que o coeficiente Gini de China superou a marca de advertencia do 0,4. O PIB de Xangai é de preto de 76.000 iuáns, máis de trece veces o nivel da provincia suroccidental de Guizhou. En 2007, 300 chineses máis que en 2006 figuran na lista de multimillonarios de China (un total de 800). Os millónarios chineses (ao redor de 345.000) aumentaron un 7,8% en 2006 en relación a 2005, e representan o 13,4% dos millónarios de Asia, acumulando o 20,6% da fortuna da rexión, por detrás de Xapón, que suma o 43,7% da riqueza. Os HNWI (*high net worth individuals*) dispoñen dunha media de cinco millóns de dólares e unha pequena minoría, menos de 5.000, controlan, segundo un informe das consultoras Merrill Lynch e Capgemini, ao redor de trinta millóns de dólares cada un. China atópase, nestes parámetros, en quinta posición mundial, por detrás de Estados Unidos, Xapón, Reino Unido e Alemaña. Mentres, o ingreso *per cápita* nas zonas rurais segue sendo, de media, inferior a 3.600 iuáns. A renda media anual dos habitantes urbanos foi en 2006 de 11.759 iuáns, 3,28 veces máis ca dos campesiños (3,22 en 2005 e 3,21 en 2004). As diferenzas crecen a pesar dos anuncios de millónarios investimentos no medio rural.

Xunto á elevación dos ingresos no campo e o avance xeral das infraestruturas, o esforzo no próximo lustro concentrarase no aumento do gasto social, pondo a disposición do conxunto da poboación os servizos básicos de educación, saúde, etc. No Congreso, o viceministro de saúde pública, Gao Qiang, asegurou que en 2020 toda a poboación (estimada entón nuns 1.500 millóns de habitantes) gozará de servizos médicos. Actualmente, segundo fontes oficiais, o 82% da poboación pode acceder ao servizo médico cooperativo. En 79 cidades funciona un proxecto piloto de

sistema médico que podería estenderse ao conxunto dos residentes urbanos en 2010. A implantación do mínimo vital estúdase para aplicar nas zonas rurais do país.

A presenza empresarial

Unha das novidades do Congreso foi a presenza dun grupo significativo de delegados procedentes do sector non público da economía. Liu Qingping, profesor no Instituto Tecnolóxico de Beijing, considera que esa presenza non soamente serve para acrecentar a influencia social do PCCh senón que tamén lle proporciona unha nova fonte de poder.

O negocio privado esténdese por toda China. Nos últimos anos, á vez que a definitiva regulamentación da propiedade privada, fóronse abrindo a ela cada vez máis sectores, incluíndo o bancario e o bolsista. Máis convencidos da sinceridade do réxime e da seguridade dos seus negocios, os delegados deste sector presentes no Congreso reclamaron políticas preferentes.

Segundo cifras oficiais, acollidas coas cautelas propias do caso, o sector non público produce actualmente o 67% do PIB de China e contribúe con preto do 80% ao crecemento económico do país. O número de pequenas e medianas empresas rexistradas supera os 4,3 millóns, e xeran o 58,5 por cento do PIB. Máis do 95 por cento son de propiedade persoal, segundo datos facilitados por Li Zibin, presidente da Asociación Chinesa de Pequenas e Medianas Empresas.

Uns 2,9 millóns de membros do PCCh (outras fontes elevan a cifra a 3,18 millóns) traballan en compañías privadas, que xa empregan a 120 millóns de persoas, o 9,2% da poboación chinesa. Por outra banda, uns 750.000 empresarios participan nos comités locais e nacionais e nas diversas asembleas, tanto no campo partidario como propiamente estatal. Segundo o departamento de organización do PCCh, o aumento deste colectivo desde 2002 foi do 113,4%.

Entre os delegados asistentes tamén figuraban os patróns das máis grandes empresas chinesas, representantes do sector petroliero, informático, aeronáutico, etc, á cabeza do sector público. Quedan en China unhas 119.000 empresas do Estado, das que 155 son xestionadas directamente polo goberno central (datos de 2006). Entre 2003 e 2006, liquidáronse 31.000. Os beneficios das que subsisten crecen sen cesar, con alzas anuais superiores ao 35%.

Os novos dirixentes

O Comité Permanente do Buró Político que Hu Jintao deu a coñecer aos medios o luns 22 de outubro presentaba poucas sorpresas. A noticia, en realidade, produciuse o día anterior, cando se anunciou que na lista de membros elixidos do Comité Central figuraban, entre outros, e ademais del mesmo e Wen Jiabao, Wu

Bangguo e Jia Qinglin. E, por outra banda, a ausencia de Zeng Qinghong, o vicepresidente do Estado e peza chave do corpiño que lle impuxera Jiang Zemin en 2002. A saída de Luo Gan e de Wu Guanzheng dábanse por seguras por razóns de idade. As posibilidades de continuidade de Li Changchun, hoxe quinto na xerarquía, eran bastante altas. Por outra banda, entre as figuras emerxentes, destacaban Xi Jinping e Li Keqiang. Ese retrato da nova cúpula evidenciaba a clara existencia dun compromiso entre os principais vectores de poder que aínda seguen conservando o seu sinal nas máis altas esferas da dilixencia chinesa. É un erro menosprezar o peso destes grupos de interese ou faccións porque responden a unha situación real e, en certa medida, inevitable, en función tanto da complexidade da situación no país, que debe ter reflexo nunha crecente diversidade de opinións e intereses no PCCh, como dunha amplísima militancia (máis de 70 millóns de membros) na que non é imaxinable unha unanimidade cega.

Nos meses previos ao Congreso, Hu Jintao impulsou unha ampla política de nomeamentos que afectou a moitos dos principais estamentos do Partido, do Exército e do Goberno. Iso, no entanto, non impediu a plasmación do compromiso con Jiang Zemin, Zeng Qinghong e Li Peng, singularmente. Cabe imaxinar que ese proceso non rematou e que proseguirá cos reaxustes de persoal nos próximos meses, podendo culminar no esencial nas sesións de marzo do ano próximo cando se celebre a Asemblea Popular Nacional.

Na grella de saída de cara á sucesión, dúas figuras, Xi Jinping e Li Keqiang, agardan a súa oportunidade. En 2012, os demais membros do Comité Permanente abandonarán os seus cargos e eles deberán repartirse as xefaturas do Estado-Partido e do Goberno. A orde de presentación de ambos ante a prensa, predispón a Xi Jinping para asumir o liderado principal, pero non está de todo claro que así chegue a suceder. Numerosas fontes e observadores coinciden en que Li Keqiang é o candidato de Hu Jintao. Quenquera que sexa, o sucesor de Hu conducirá os destinos de China ata 2022, unha etapa cruce para a madurez da actual reforma iniciada en 1978. Ambos candidatos participan da idea do renacemento do país e comparten a necesidade de perseverar no actual proceso, pero as preferencias de Hu Jintao probablemente non son gratuítas e responden á necesidade de manter a fidelidade ao proxecto orixinal, é dicir, á exploración dun modelo propio que non faga concesións ás presións exteriores máis aló das estritamente necesarias. O seu nacionalismo, de contido social e civilizatorio, puidese atopar mellor acubillo no perfil dunha persoa formada con el na Liga da Mocidade Comunista e en provincias menos desenvolvidas como Henan ou problemáticas como Liaoning, ca con quen demostrou tamén unha gran capacidade para impulsar a economía privada (en Zhejiang e Fujian) e goza do recoñecemento dos grandes actores da economía internacional (por exemplo, do secretario do Tesouro estadounidense Henry Paulson). A pesar diso, esa preferencia de Hu puidese chegar a ser o maior hándicap para Li Keqiang cando Xi Jinping procura distanciarse dos suxeitos principais para afirmar tanto a súa independencia como a súa vocación integradora e de compromiso.

Conclusións

O XVII Congreso do PCCh permitiu institucionalizar un cambio de discurso que xa se viña propiciando nos catro últimos anos, ao redor dos conceptos de desenvolvemento científico e a sociedade harmoniosa, unanimemente aceptados polos delegados. Doutra parte, sen asoballar os seus adversarios, Hu Jintao afianzou o control do aparello partidario e da súa propia sucesión, que deberá producirse en 2012, sen que agora quede sentenciada, inmersa en delicados equilibrios entre as diferentes faccións. O denominador común do evento foi a convicción de que China entra nunha nova etapa que a debe catapultar definitivamente cara ao centro do escenario político internacional, e que nese proceso, os perigos serán abundantes polo que cómpre estar preparados para afrontalos preservando a propia soberanía, cuestión tamén unanimemente celebrada como irrenunciable.

En paralelo á reunión do PCCh, en Washington, o G-7 reclamaba de Beijing unha “apreciación acelerada” do iuán, e o Congreso de Estados Unidos, no seu informe anual, denunciaba as fragilidades e carencias do sistema social e xurídico chinés, as súas políticas en materia de relixión, nacionalidades e dereitos humanos. O día 17 de outubro, George Bush recibía ao Dalai Lama, reforzando a proxección internacional do líder tibetano, no que podería interpretarse como un claro intento de augar a festa do PCCh.

Igualmente, na véspera, algúns ex dirixentes veteranos criticaron o rumbo capitalista do Partido. A web maoflag.net que publicou unha declaración respecto diso foi pechada durante varios días e a carta retirada. Outro manifesto, asinado por unhas 12.000 persoas, alertando da inxustiza vixente no país e reclamando reformas políticas e respecto ás liberdades consagradas na propia Constitución, non chegou aos delegados do Congreso, protexidos en todo momento por unha barreira policial infranqueable e omnipresente nos puntos neuráxicos da cidade e nos hoteis onde foron aloxados. Programas de radio e de televisión considerados “inapropiados” foron obxecto de censura polas autoridades co propósito de garantir un ambiente “saudable” para o Congreso.

Eses dous apuntes reflicten as tensións externas e internas que non darán tregua á reforma nos próximos anos.

*Xulio Ríos é director do Observatorio da Política China
(Casa Asia-Igadi).*